

GUÍA DOCENTE DE **TRANSCRIPCIÓN I-II (ACORDEÓN)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: Transcripción I-II (ACORDEÓN)										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Acordeón	
CARÁCTER	Materia obrigatoria							TIPO DE CLASE	<i>Individual</i>	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	ACORDEÓN
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.	3	3	3	3					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Tratamento, análise e interpretación de documentos musicais orais, escritos e audiovisuais. Sistemas de notación, técnicas e praxe interpretativas nas distintas épocas e culturas musicais. A edición e a súa evolución co emprego das novas tecnoloxías. Estudo da transcripción desde o punto de vista da súa finalidade, funcionalidade, dificultade, vixencia e necesidade.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Sen requisitos previos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T4, T9, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X7, X10, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E14, E15, E16, E17
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/ 2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Analizar o concepto transcripción desde os antecedentes históricos, xustificación e criterios sobre a interpretación da transcripción.	T2, T4, T9, T17
2. Coñecer as características interpretativas dos diversos xéneros e estilos musicais a ter en conta na interpretación acordeonística: Tempo, ritmo, fraseo, articulación etc.	X2, X3, X7, X10, E1, E2, E5, E7
3. Comparar a transcripción entre instrumentos co mesmo principio sonoro (intrainstrumental): harmonium, armónicas, bandoneón, acordeóns, etc.	E6, E4
4. Relacionar a obra orixinal e a transcripción. O transcritor.	X3, X22

**4. CONTIDOS**

A transcripción: conceptos xerais, antecedentes históricos, xustificacións e criterios interpretativos.	Análise do cambio ou transferencia dun medio a outro. Elaboración/simplificación.
Características interpretativas dos diversos xéneros e estilos musicais a ter en conta na interpretación.	Análise do tempo, ritmo, timbre, fraseo, articulación, etc.
A transcripción acordeonística da música para tecla.	Lectura e proceso inicial de traballo. Resolución dos diferentes problemas técnicos e interpretativos.
Relación entre obra orixinal e transcripción.	Análise do cambio que se produce en canto ao timbre, articulación, fraseo, etc. Redución, ampliación ou mantemento da partitura orixinal sen modificación ao realizar a transcripción.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introductorias	Presencial	Comezo curso
Exposición maxistral	Presencial	Ao final Cuadrimestre
Exposición práctico-teórica	Presencial	Ao final Cuadrimestre
Práctica individual	Non presencial	Permanente
Práctica colectiva	Non presencial	Permanente
Lectura guiada e comentario de fontes na clase	Presencial	Esporádica
Taller	Presencial	Esporádica
Laboratorio	Presencial	Esporádica
Pescuda de información	Presencial/Non presencial	Permanente
Seminarios	Presencial	Esporádica
Exposición e debate de traballos	Presencial	Ao final Cuadrimestre
Actividades complementarias	Presencial/Non presencial	Esporádica

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*